AS ACTIVIDADES AGRARIAS, A EXPLOTACIÓN FORESTAL E A PESCA

Nesta quincena trataremos de introducirnos no eido das actividades do sector primario. Inclúense aquí as actividades agrarias (agricultura e gandería), a explotación forestal e a pesca. Coñeceremos os seus condicionantes, cales eran as súas características en épocas pasadas e cales son agora, sobre todo despois da incorporación de España á Unión Europea.

0. ESQUEMA

I INTRODUCIÓN

II O ESPAZO RURAL

1.- FACTORES DO ESPAZO RURAL

1.1 Factores físicos
- a) Relevo
- b) Clima
- c) Solos

1.2 Factores humanos
- a) Estrutura agraria
  - Explotación
  - Propiedade
    - ✓ Latifundios
    - ✓ Minifundios
  - Réxime de tenza
    - ✓ Directa
    - ✓ Indirecta
- b) Desenvolvemento do cooperativismo

2. O POBOAMENTO RURAL
- a) Poboamento disperso
- b) Poboamento concentrado
  - Lineal
  - Agrupado
- c) Poboamento intercalar

III A AGRICULTURA

1. A MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CULTIVO

2.- OS USOS DOS SOLOS E OS CULTIVOS AGRARIOS

2.1 Os usos dos solos
- Terras labradas.
- Prados naturais e pastos.
- Áreas forestais.
- Outros empregos.

2.2. Os cultivos agrarios
- Cultivos herbáceos:
  - Os cereais.
  - Leguminosas.
  - Cultivos industriais.
  - Hortalizas.
  - Pataca.
  - Cultivos forraxeiros.
- Cultivos leñosos.
  - Oliveira.

- Vide.
- Froiteiras.

IV A GANDERÍA
1.-TRANSFORMACIÓN DUNHA GANDERÍA TRADICIONAL CARA UNHA MODERNA
2.- A DIVERSIDADE GANDEIRA

V A EXPLOTACIÓN FORESTAL
VI PAISAXES AGRARIAS
1.-PAISAXE ESPAÑA HÚMIDA
2.-PAISAXE ESPAÑA INTERIOR
3.-PAISAXE ESPAÑA MEDITERRÁNEA
4.-PAISAXE DE MONTAÑA
5.-PAISAXE CANARIO

VII A PESCA
1.- OS ESPAZOS DA PESCA
2.- PRINCIPAIS PROBLEMAS DO SECTOR PESQUEIRO
3.- A ACUICULTURA
VII O CASO GALEGO
VIII TÉCNICAS DE TRABALLO: Comentario dunha paisaxe rural.

I INTRODUCIÓN

Ata o século XIX España, ao igual que o resto de países, mantivo un claro predominio do sector primario de forma que a maioría dos traballadores desenvolvían o seu labor no mesmo. Ao longo do século XX, fundamentalmente despois dos anos 50, asistimos a un continuo proceso de desagrarización, é dicir,de redución do emprego no campo, de modo que na actualidade o sector primario só dá ocupación ao 4,5% da poboación activa e aporta o 4% do PIB nacional.

II O ESPAZO RURAL

Espazo rural podémolo definir como aquel non urbano. Ata época recentes as actividades agrarias neste ámbito non urbano eran case que exclusivas, pero na actualidade o número de actividades multiplicáronse e diversificáronse, polo que o espazo rural hoxe en día é moi variado e complexo.

1. FACTORES DO ESPAZO RURAL

Podemos distinguir factores condicionantes físicos e humanos.

1.1Factores físicos. Destacamos:

a) Relevo: España conta cunha importante altitude media (2ª en Europa tras Suiza) e con importantes pendentes. Tales circunstancias supoñen dificultades para o desenvolvemento da agricultura pois facilitan a erosión dos chans e dificultan a mecanización.
b) O clima: o territorio español, na súa maioría, recibe poucas precipitacións ao longo do ano, o cal dificulta actividades agrarias.
c) Os solos: na súa maior parte España conta con solos pouco aptos para os labores agrarios.

Todos estes condicionantes negativos seguen a dificultar as actividades do campo, pero gracias o desenvolvemento tecnolóxico cada vez teñen menos capacidade de influencia. Por exemplo, a seca palíase con regadíos; os solos pouco aptos con abonos químicos; as xeadas con invernadoiros...

1.2 Factores humanos:

a) A estrutura agraria: inflúe moito na distribución dos tipos de cultivos, no seu grado de tecnificación e nas paisaxes. Ata os anos 60 a estrutura agraria caracterizábase por empregar unha gran cantidade de man de obra moza que desenvolvía as súas actividades en pequenas ou grandes explotacións normalmente de maneira extensiva: grandes extensións de terreos traballadas con técnicas pouco evolucionadas, con baixas inversións e que xeran curtas producións e rendementos non moi elevados. Na actualidade a estrutura é ben distinta: traballa un pequeno número de persoas envellecidas nunhas explotacións de tamaño crecente normalmente de carácter intensivo: pequenas extensións de terreos con altos niveles de inversións e tecnificacións que aportan importantes producións e rendementos.

- As explotacións: unha explotación é a unidade económica que agrupa todas as parcelas traballadas por un mesmo agricultor ou gandeiro tanto se as terras son súas ou non, como se están xuntas ou dispersas. Dende os anos 60 asistimos ao descenso do número de explotacións (dende os 2,9 millóns no 1962 ao millón actual debido ao abandono das terras dos xubilados, dos emigrantes ou dos que cambiaron de profesión, e aos procesos de concentración por venda ou arrendamento) e ao crecemento do tamaño destas ata chegar ás 25 hectáreas de media. A pesar deste tamaño medio non se nos pode escapar que seguen a existir grandes contrates rexionais: as rexións de secaño ou devesa teñen maiores extensións medias (Castela e León máis de 50 hectáreas. Aragón, Castela a Mancha, e Estremadura máis de 30). As rexións húmidas e máis orientadas cara a gandería amosan explotacións de menores tamaños o mesmo que os regadíos do Mediterráneo e as illas: menos de 12 hectáreas en Galicia, País Vasco e Murcia; e menos de 5 en Valencia e Canarias. O espazo rural está organizado en parcelas, que son as unidades máis pequenas da explotación agraria. As parcelas poden ser regulares ou irregulares e abertas (sen separacións entre elas xerando unha paisaxe agarias coñecida como Openfield, *mira o exemplo inferior*)

mx.encarta.msn.com/media_1121539385_961536879...

ou pechadas (separadas por valos ou sebes creando unha paisaxe agraria coñecida como bocage, *repara na imaxe seguinte*).



es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Bocage_en_Galic...

- Propiedade: elemento xurídico que fai referencia ao dono da terra (quen é o dono da terra). No apartado da propiedade faremos referencia ós enormes contrastes que existen entre os latifundios e os minifundios.
  - ✓ Os latifundios: grandes propiedades rurais (máis de 100 hectáreas). Orixínanse nos repartos de terras da época da Reconquista e consolídanse coa desamortización do XIX. Predominan na metade sur do peninsular e en Estremadura. Adoitan seren traballados de maneira extensiva por xornaleiros asalariados.
  - ✓ Os minifundios: pequenas propiedades (menos de 10 hectáreas). Teñen a súa orixe nas sucesivas reparticións das herdanzas. Predominan no norte da península, no litoral valenciano e nas illas. Dificultan a mecanización e a práctica dunha agricultura de alta rendibilidade. Dende datas recentes, algúns pequenos propietarios tende a explotar outras parcelas que os seus propietarios deixan de traballar.

pelalumnos.blogspot.com/2009/03/lea-primer-an...

b) Réxime de tenza: explica a relación que existe entre propiedade e o uso da terra.

- ✓ Tenza directa: 70% das terras traballadas. As terras son traballadas polos propios donos das mesmas ou por medio de asalariados.
- ✓ Tenza indirecta: 30 % das terras traballadas. Propietario e e traballador da terra non coinciden. O propietario da terra cédelle esta a outra persoa a cambio dunha porcentaxe da colleita –parceiría- (na actualidade esta situación tende a desaparecer) ou polo pago dunha renda determinada
- ✓ –arrendamento-.

c) O desenvolvemento do cooperativismo: nas cooperativas os propietarios, os socios, poñen as súas terras e/ou producións en común. É un sistema moi recomendable para conseguir explotacións agrarias de maior tamaño e tamén máis produtivas. Existen hoxe preto de 4000 cooperativas que aportan o 45% da produción agraria.

2. O POBOAMENTO RURAL

O termo poboamento refírese ao proceso de asentamento nun lugar ou área determinados. Pola súa parte, rural alude a aqueles núcleos que contan con menos de 10.000 habitantes. Polo tanto, cando falamos de poboamento rural estamos a referirnos ás diferentes tipoloxías de aldeas ou vilas non urbanas. A orixe do poboamento rural está relacionado coas condicións naturais (relevo, ríos...), con factores históricos e coas vías de comunicación. As principais tipoloxías de poboamento rural son:

a) Poboamento disperso: a casa rural está soa, illada e separada das demais por medio de campos de cultivos, prados ou montes. É típico no norte peninsular, Cataluña, Valencia, Murcia e Andalucía.

b) Poboamento concentrado: as vivendas dispóñense unha xunto as outras formando núcleos. Pódese atopar en calquera parte de España sendo os núcleos do centro e norte de menor tamaño que os do sur da península. Dentro deste poboamento concentrado podemos distinguir dous subtipos:

- Concentrado lineal: as casas están dispostas ao longo dunha estrada.

- Agrupado: as casas están xuntas arredor dun núcleo.

c) Poboamento intercalar: caracterízase pola situación de edificacións illadas entre núcleo e núcleo concentrado.

III A AGRICULTURA

Dende fin dos anos sesenta do pasado século España abandona os seus tradicionais rasgos agrícolas de tal forma que a agricultura tradicional, insuficiente e de autoconsumo, dá paso a outra especializada mecanizada e aberta aos mercados internacionais. Ao mesmo tempo o campo español foise despoboándo, reducindo o número das explotacións, desenvolvendo o arrendamento, racionalizando o regadío...

1. A MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CULTIVO

Como xa dixemos nos últimos 50 anos a agricultura española experimentou unha intensa transformación que posibilitou a intensificación da produción e o aumento dos rendementos. As principais transformacións foron as seguintes:

- Mecanización: increméntase o número e a variedade de máquinas empregadas nas tarefas agrarias, en moitos casos de xeito non adecuado, pois moitas delas están infrautilizadas.
- Especialización da produción: aproveitaranse aqueles cultivos que teñan maior produtividade e desestimaranse o resto. Partindo desta premisa pouco a pouco substituirase o policultivo (práctica agrícola que consiste en cultivar distintas plantas no mesmo espazo) polo monocultivo (sistema agrícola especializado nun único cultivo).
- Emprego de sementes seleccionadas e de cultivos transxénicos coa idea de aumentar as colleitas traballando a

mesma extensión de terras. Os cultivos transxénicos son aqueles que teñen as súas características xenéticas alteradas para que podan producir máis, seren máis resistentes ás secas, a determinadas pragas...

- Potenciación do emprego de abonos e fitosanitarios. Posibilitan incrementar os rendementos e combater as pragas que son prexudiciais para os cultivos.
- Desenvolvéronse diferentes prácticas para minimizar os efectos dos condicionantes naturais: a extensión de invernadoiros (cultivo baixo plástico), os areados (cultivos en area: sobre unha capa de esterco esténdese outra de area. A area filtra a humidade, que será retida polo esterco, e ademais impedirá que se evapore), cultivos hidropónicos (son aqueles que non empregan solos pois as raíces das plantas introdúcense en grava ou area e serán alimentadas con diferentes produtos químicos).
- Ampliación dos regadíos. Permitiu a diminución do barbeito e a extensión da agricultura intensiva a conta da extensiva. O regadío consiste en aportarlle aos cultivos máis auga que a procedente das precipitacións. Os sistemas máis empregados para regar son: a manta ou por inundación (a auga, transportada por canles, distribúese pola superficie a regar. Esta quedará cuberta por unha capa de auga de altura variable. É un sistema pouco adecuado, pois é altamente consumidor), por aspersión (a auga, canalizada ata os instrumentos de aspersión, será lanzada a modo de chuvia sobre o solo) e por goteo (A auga será transportada por unhas tubaxes con buratos ata o propio pé da planta e alí será depositada pinga a pinga. Este sistema ten dúas vantaxes principais: o escaso consumo de auga e que ao mesmo tempo que a auga a planta poderá recibir abonos ou fitosanitarios). Hoxe en día réganse unha quinta parte das terras cultivables, pero delas obtéñense os 2/3 da produción agrícola total. Quere esto dicir que as terras regadas son altamente produtivas. O barbeito é unha práctica tradicional que consiste en deixar descansar a terra un tempo variable. A superficie a barbeito estase a reducir en España gracias á extensión dos regadíos e dos produtos fertilizantes.
- Mellora da formación dos labregos. Permítelle aos traballadores do agro estaren ao día nas novas técnicas e seren máis eficientes.

2.- OS USOS DOS SOLOS E OS CULTIVOS AGRARIOS

2.1 Os usos dos solos: podemos distinguir catro:

- Terras labradas. Son as terras de cultivo. Aínda que con tendencia cara a regresión, comprenden o 34% da superficie total.
- Prados naturais e pastos. Destinados a producir herba para o gando, ocupan o 16% do total de terras. A súa extensión mantense estable.
- Áreas forestais. Correspóndese cos bosques. Ocupan o 32% da superficie rural e mantñen tendencia ao crecemento.
- Outros empregos. Inclúense aquí os terreos non produtivos e os que se adican a usos urbanos e non propiamente rurais: estradas, infraestruturas hídricas, Chegan ao 18% do total. Manteñen unha tendencia crecente.

2.2. Os cultivos agrarios: os principais tipos de cultivos son:

- Cultivos herbáceos: esixen semente anual pois o seu ciclo vital é curto:

- Os cereais. Trigo, arroz, cebada, millo, centeo... que se destinan á alimentación humana ou animal. Excepto millo e arroz que se cultivan no norte e en áreas enchoupadas, os cereais trabállanse no interior peninsular.
- Leguminosas. Fabas, feixóns, lentellas, garavanzos... adícanse á alimentación humana e animal. As súas áreas de cultivo, normalmente, coinciden coa dos cereais, moitas veces rotan con eles.
- Cultivos industriais. Prodúcense para seren transformados nas instalacións industriais. Destacamos o xirasol (aceite, alimento para gando, e biocombustible), a remolacha (azucre e biocombustibles), algodón (tecidos), tabaco... A súa principal área produtora son os regadíos da metade sur da península, excepto a remolacha que se cultiva no Val do Douro).
- Hortalizas. Leituga, col, verza, allos, cebolas... Recolléitanse fundamentalmente para a alimentación humana, ben en fresco ou ben en conserva. Prodúcense ao aire libre ou baixo plásticos no arco mediterráneo ou ben en lugares próximos aos mercados de consumo.
- Pataca. É o tubérculo de maior consumo. Aséntanse nos secaños atlánticos suficientemente húmidos, nos regadíos do interior e nas Illas Canarias. A súa produción diríxese, maioritariamente, ao consumo humano.
- Cultivos forraxeiros. Alfalfa, millo forraxeiro, trevo... Teñen como destino o consumo animal tanto en verde como sometidos a diferentes procesos de conservación. Prodúcese maioritariamente no metade septentrional de España e nos regadíos extensivos do interior.

• Cultivos leñosos. Están representados por árbores e matogueiras. Como teñen un ciclo vital moi longo, mesmo de centos de anos como as oliveiras, non necesitan sementeiras anuais.
    - Oliveira. Cultivo arbóreo de secaño (é moi resistente ás secas estivais). Delas obtéñense olivas para consumo en mesa ou ben para producir aceite. O cultivo das oliveiras sitúase principalmente en Andalucía (Xaén e Córdoba), Estremadura, Castela a Mancha e litoral mediterráneo.
    - Vide. Cultivo de matogueira de secaño que produce uvas para consumo en mesa ou para fabricar viño. A área de cultivo máis grande sitúase en Castela a Mancha, pero existen outros espazos onde as vides ocupan menores extensións pero producen un viño de grande calidade e están acollidas ás diferentes Denominacións de Orixe (certificación de calidade que se lle concede a determinados produtos de áreas concretas e que aseguran certas características comúns e uns mínimos de calidade). Destacan A Rioxa, Ribeira do Douro, Rías Baixas, Toro...

-Froiteiras. Cultivo arbóreo cuxas producións se destinan ao consumo en fresco o á industria conserveira. Diferenciamos os cítricos: laranxa, limón, pomelo; as froiteiras de pebida: mazá, pera, marmelo...e as froiteiras de croia: cereixa, melocotón, pexego... As froiteiras ocupan longos espazos costeiros desde Tarragona ata Huelva con importantes embolsamentos no interior: Lleida, Aragón, Albacete e Baleares.

3.- OS PROBLEMAS DO AGRO E A POLÍTICA AGRARIA

Para tentar corrixir algúns dos múltiples problemas sempre tiveron as áreas rurais xurdiron ao longo da historia diferentes políticas agrarias:

- A desamortización do século XIX: consistiu en sacar a poxa aquela terras e bens improdutivos, case sempre nas mans da Igrexa e de familias nobres. A idea era limitar a concentración das terras nunhas poucas mans.
- Reformas agrarias da II República: promulgouse para expropiar as terras dos grandes terratenentes e asentar nelas a pequenos agricultores sen terra.
- A concentración parcelaria: iniciada en 1952, tiña como finalidade a reordenación da propiedade para limitar o minifundio.
- Expansión dos regadíos: tentábase aumentar a extensión das terras regadas para incrementar a produción do campo español.
- Lexislación de grandes propiedades: no ano 1975 promulgouse esta Lei para limitar a existencia de propiedades sen incultas ou infraproveitadas. Os propietarios destas deberían confeccionar un plan de mellora nas súas terras ou veríanse forzados a arrendalas.

A pesar destas políticas agrarias, o mundo rural español segue a ter graves problemas, os máis importantes son seguintes:

- Escasa competitividade: Unha boa parte dos produtos do agro español non son competitivos e só poderán seguir explotándose se se mantén o apoio e as subvencións da UE. Esta escasa competitividade xera que os traballadores do campo teñan uns salarios considerablemente máis baixos que os dos da industria ou os dos servizos.
- Despoboación do campo: en España en xeral e en Galicia en particular o campo estase despoboando.
- Avellentamento da poboación: o avellentamento é xa preocupante: as persoas de máis de 65 anos representan xa un 17% do total, mentres que os que teñen menos de 16 só ao 10%. Este envellecemento é debido a que o campo non ofrece atractivos suficientes para os mozos, estes prefiren emigrar ou realizar actividades diferentes as agrarias.
- A considerable mecanización conleva a redución de emprego.

Para tentar dar solucións a todas estas problemáticas España, ademais das súas propias políticas agrarias, apoiase na Política Agraria Común (PAC) da UE. A PAC que inflúe enormemente sobre o agro español, concrétase nunha serie de accións:

- Establecemento das Organizacións Comúns de Mercados (OCM): son acordos específicos que regulan a produción e o comercio dos produtos agrarios dos estados membros da UE. As OCM pretenden estabilizar os mercados, garantir aos agricultores un nivel de vida mínimo e incrementar a produtividade agraria. Unha das actuacións básicas das OCMs é a de garantir uns prezos mínimos para os produtos máis representativos: arroz, azucre, cereais, carnes de vacún... Cando eses precios non se acadan, as autoridades da UE interveñen no mercado, compran ou almacenan produtos para limitar a caída de prezos.
- Os campesiños españois poden vender libremente as súas producións nos mercados comunitarios.
- Fíxanse cota de produción para evitar o incremento de excedentes agrarios.
- Concédense axudas para modernizar as explotacións. Para eso os agricultores e gandeiros recibiron e reciben enormes subvencións procedentes de distintos

fondos (destacamos o FEOGA: Fondo Europeo de Orientación e Garantía que foi substituído no ano 2006 polo FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía) que se encargan de financiar as intervencións dos mercados, de apoiar as exportacións dos produtos do campo europeo, de apoiar a reestruturación e a diversificación dos mesmos e de conceder axudas directas aos labregos.

- Apóianse as políticas de reforestación de terras agrícolas para tentar mellorar o medio ambiente e reducir a extensión dos terreos cultivables e da produción.

Á vista do exposto, a PAC pódenos parecer de todo punto moi positiva para o compesiñado europeo en xeral e o español en concreto, pero non todos son luces na PAC:

- Os distintos Estados membros perden soberanía, perden capacidade decisoria no eido agrario.
- A PAC absorbe unha boa parte do orzamento comunitario (recibe máis que do que aporta ao PIB comunitario).
- As axudas non se reparten de maneira homoxénea, favorecen máis aos grandes propietarios.
- As axudas da PAC supoñen unha competencia desleal para os produtos agrícolas do Terceiro Mundo que ao careceren de axudas, non poden producir a prezos tan competitivos. Estamos a falar de proteccionismo comercial.

IV A GANDERÍA

1.-TRANSFORMACIÓN DUNHA GANDERÍA TRADICIONAL CARA UNHA MODERNA

Non menos profundos que os cambios que se deron na agricultura foron aos que se asistiron na gandería tras os Plans de Estabilización (1959) e a entrada do país nun rápido proceso de desenvolvemento industrial.

Ata fins dos 50 a gandería española estaba caracterizada polos seguintes rasgos:

a) Tiña unha natureza extensiva e o aproveitamento dos pastos realizábase maioritariamente a dente.
b) Atopábase integrada coa agricultura. A gandería producía forza de traballo, abonos e aproveitaba os residuos das colleitas (restrebas por exemplo). A produción de carne e leite era secundaria.
c) As cabanas gandeiras estaban conformadas por razas autóctonas perfectamente adaptadas aos seus respectivos espazos.
d) Mantíñanse vixentes prácticas seculares como a transhumancia (traslados dos gandos ás montañas en verán e aos fondos dos vales en inverno).
e) A gandería, pouco mecanizada, precisaba de moita man de obra e e ofrecía pouca rendibilidade. A gandería aportaba pouco a Produción Final Agraria.

Nos anos 60, 70 e 80 en España acontecen numerosas e profundas transformacións no eido rural (éxodo rural, modernización e especialización na agricultura, desenvolvemento social e adquisición de novos hábitos alimenticios onde priman a carne e o leite, novas políticas gandeiras postas en marcha polos diferentes gobernos do Estado...) que permiten falar da defunción da gandería tradicional e da aparición dunha moderna definida polos seguintes aspectos:

- Aumenta considerablemente o número de cabezas de gando.
- Xa non está integrada coa agricultura, é unha actividade totalmente autónoma.
- Difusión de razas foráneas mellor adaptadas ás necesidades (por exemplo, a raza rubia galega foi substituídas por outras especies como a frisona para producir leite). Nos últimos tempos estase a retomar nalgunhas granxas o traballo coas razas autóctonas na procura dunha

maior calidade das produción (carne de raza cachena en Galicia, por exemplo)

- A transhumancia ten hoxe por hoxe unha presencia só testemuñal.
- A gandería está a asumir importantes melloras técnicas, sobre todo aquelas ligadas ás melloras xenéticas e a potenciación da mecanización, (esta mecanización fai que se reduza a man de obra necesaria). O que permite aumentar as rendibilidades e por conseguinte o aporte desta actividade á Produción Final Agraria (hoxe no 40 %, aínda que é inferior á media europea, que se sitúa no 50%).
- As explotacións cada vez están menos condicionadas polo medio xa que a alimentación a base de penso cada vez cobra maior importancia. Esta circunstancia permite, por unha parte romper a relación directa que había entre tamaño da propiedade e número de cabezas existentes (só estarían as cabezas que a propiedade puidese alimentar), e por outra e a existencia de explotacións gandeiras sen practicamente terra (animais encerrados en granxas, que non saen delas, por exemplo galiñas, coellos, porcos, vacún...). Estámonos a referir á denominada gandería industrial, a un tipo de gandería intensiva que non resposta a condicionantes naturais, só á lóxica do mercado).

2.- A DIVERSIDADE GANDEIRA

	Nº de animales	%
Bovino	6.020.161	11,0
Porcino	26.025.672	47,4
Ovino	19.952.282	36,3
Caprino	2.959.329	5,4
Aves*	722.782	-
Conejos*	57.618	-

*Número provisional de animales sacrificados (miles)

(Datos procedentes da enquisas gandeiras do MMRM)

2.1.- Gandería bovina. Dende 2004, excepción feita de 2007, o número de cabezas descende ata chegar ás 6020161 actuais (Galicia 16,3%). O 80% delas teñen orientación cárnica e o 20% restante orientación láctea (actualmente a cabana vacúa atópase ante graves problemas debido ás cotas de produción fixadas pola PAC (vixentes até 2014) e pola entrada de leite a baixo prezo dende o exterior, polo que a tendencia será ao descenso do número de reses). O bovino de orientación cárnica ten unha maior presenza no norte peninsular, áreas de montaña e devesas estremeñas e salmantinas en réxime extensivo e nas proximidades dos contornos urbanos, Aragón e Castela León e Cataluña en réxime intensivo. O gando bovino de aptitude láctea desenvólvese, en réxime extensivo ou mixto, no norte peninsular e Andalucía e en réxime intensivo, preto dos núcleos urbanos.

2.2.- Gandería ovina. Na actualidade, tras un descenso continuo dende o 2000, esta cabana ten un censo de 19952282 cabezas (Galicia1,3%) . As ovellas adícanse fundamentalmente a producir carne, leite e só residualmente la. As áreas de maior presenza deste gando son as dúas Castelas, Estremadura e Andalucía. A explotación deste gando faise baixo tres formas distintas:

a) Estante: pastoreo libre, os animais aproveitan restos agrícolas e barbeitos.
b) Estabulada: modelo industrial, de carácter intensivo (animais pechados en granxas). É un modelo básico no engorde de cordeiros para carne.
c) Transhumancia: migración estacional do gando.

2.3.- Gandería caprina. Esta cabana está composta por 2959329 animais (Galicia 1,7%). É este un número que se mantén estable no últimos anos. Adícanse á produción de carne e leite. A principais áreas produtivas son: Andalucía, C. A Mancha, Canarias e Estremadura.

2.4.- Gandería porcina. Foi aumentando o seu número ata o 2007 e na actualidade a cabana porcina está composta por 26025672 cabezas (Galicia 5%). Críanse para producir carne que se consumirá, fundamentalmente, en fresco ou transformada: chacinería. A maioría da produción porcina realízase en granxas intensivas en Galicia, Cataluña e Murcia, pero aínda se mantén o aproveitamento de porcino libre en devesas de Estremadura, Salamanca e Huelva lugares onde se adican á produción de carnes de alta calidade.

2.5.- Gandería avícola. Cría de galiñas e polos para a produción de carne e ovos. É a cabana que máis medrou nos últimos anos até chegar 722782 sacrificios anuais (Galicia 11%). A gandería intensiva é claramente maioritaria e as principais áreas produtoras son Galicia, Cataluña, Castela León e Aragón.



(Censo de gando do MMRM)

V A EXPLOTACIÓN FORESTAL

España ten 5 millóns de hectáreas de bosques, o que converte ao noso país no quinto de Europa con maiores recursos forestais despois de Rusia, Suecia, Finlandia e Francia. A superficie forestal española, que ocupa aproximadamente o 30% da extensión total do país, aumentou 296.000 hectáreas en 2007.



www.cma.gva.es/areas/estado/bosques/bosq/Inve...

Aproximadamente dous terzos dos bosques españois son propiedade de dous millóns de propietarios, outro 30% pertence aos municipios e un 4% ás comunidades autónomas. Ademais, o 25% deses bosques son espazos protexidos.
As especies máis representativas dos bosques españois son as frondosas (faia, carballo, castiñeiro chopo, aciñeira, sobreira e o eucalipto) e as coníferas (diversos tipos de piñeiros e abetos) e as principais rexións silvícolas son Galicia (case o 50% do total nacional de produción de madeira), as rexións do cantábrico e áreas montañosas da meseta norte, como os bosques de Soria.

Os espazos forestais permiten desenvolver as seguintes actividades económicas:

- Produción de madeira: para a fabricación de mobles, para a construción, para a produción de pasta de papel e para obter combustibles (leña e carbón vexetal). En España prodúcense uns 12 millóns de metros cúbicos de madeira que aínda son insuficientes para satisfacer a demanda interior, polo que hai que manter elevadas importacións, fundamentalmente dende países tropicais e dende o norte de Europa.
- Produción de cortiza: para rollas e illantes. España é un dos principais produtores de cortiza do mundo.
- Os montes tamén se poden aproveitar para a recolección de alimentos como as castañas, cogomelos, landras…
- Espazo forestal tamén se pode aproveitar para desenvolver as actividades turísticas e cinexéticas que amosan unha importancia crecente nas últimas datas.

VI PAISAXES AGRARIAS

Podemos definir paisaxes agrarias como o aspecto do espazo agrario. Xorde estas pola interacción dos factores físicos (solos, clima, relevo) cos factores humanos (rexímenes de propiedade, tamaño da mesma, tipoloxía de cultivos…).
En España podemos diferenciar as seguintes paisaxes agrarias:



http://www.slideshare.net/isaacbuzo/los-paisajes-agrarios-de-espaa

	PAISAXE ESPAÑA HÚMIDA	PAISAXE ESPAÑA INTERIOR	PAISAXE ESPAÑA MEDITERRÁNEA
LOCALIZACIÓN	-Norte peninsular	-Ambas mesetas e Depresión do Ebro	-Zona costeira mediterránea (inclúe Baleares) e val do Guadalquivir
MEDIO FÍSICO	-Relevo accidentados. -Poucas chairas. -Clima oceánico: temperaturas suaves e precipitacións elevadas e constantes.	-Predominan formas planas e elevada altitude media (meseta). -Clima mediterráneo continentalizado: temperaturas contrastadas e precipitacións moi escasa en verán,	-Relevo accidentado. -Clima mediterráneo marítimo: temperaturas suaves e precipitacións moi escasas no verán.
ESTRUTURA AGRARIA	- Poboación en regresión e moi avellentada. -Hábitat disperso e intercalar. -Propiedade: predomina o minifundio con parcelas pechadas. -Uso solo: principalmente gandería e forestal.	- Poboación escasa e avellentada. - Hábitat concentrado (pequenos núcleos ao norte e máis grandes ao sur). -Propiedade: minifundio ao norte e grandes propiedades ao sur. -Uso solo: variado	- Poboación abundante (pero reducíndose e avellentándose). - Poboamento: nas hortas costeiras é disperso, no resto vaise concentrando. -Propiedade: variable: pequena nas áreas de regadío, mediana nas de secaño (grande no secaño andaluz). -Usos: predominantemente agrícola.
AGRICULTURA	-Prima na costa e fondo dos vales. -Maioritariamente de Secaño. -O policultivo de subsistencia vai sendo substituído por cultivos hortícolas e forraxeiros.	-Secaño: acollen a triloxía mediterránea: trigo, vide e oliveira. -Regadío: plantas forraxeiras e industriais, froiteiras e hortalizas.	-Regadío: froitas, verduras, plantas (moitas de carácter tropical) orientadas á exportación. -Secaño: vide, oliveira, cereais e amendoeiras.
GANDERÍA	-Principal actividade. Orientación láctea e cárnica. -Galicia predomina pequena explotación. No resto maiores explotacións e máis	-Secaños casteláns e depresión Ebro: gandería ovina, vacúa e porcina. -Estremadura e Salamanca: porcino extensivo nas devesas e ovino.	-Cataluña: bovina e porcina. -Secaños: ovina e caprina.

	modernizadas. -Problemas por cotas lácteas da UE.		
SILVICULTURA	-Destaca Galicia. Eucalipto, piñeiro, carballo… Moble e pasta de papel.	-cortiza, carbón vexetal e piñeiros de Soria.	Pouco relevante

	PAISAXE DE MONTAÑA	**PAISAXE CANARIO**
LOCALIZACIÓN	Principais cordilleiras.	-Illas Canarias
MEDIO FÍSICO	-Fortes pendentes e altitudes medias. -Temperaturas baixas. -Abundantes precipitacións, moitas veces en forma de neve.	-Relevo accidentado e volcánico. -Clima subtropical: escasas precipitacións e temperaturas elevadas.
ESTRUTURA AGRARIA	- Poboación moi escasa. -Moi baixa densidade. -Poboamento disperso. -Predomina a pequena propiedade e é frecuente a propiedade comunitaria (prados e bosques). -Usos do chan moi variados.	-Poboación rural en retroceso. -Predomina poboamento concentrado en pequenos núcleos. -Propiedade contrastada: pequena en altitudes medias e altas e grande nos espacios costeiros. -Usos do solo: predomina agricultura.
AGRICULTURA	-No norte cultivos de horta no fondo dos vales. -No sur diferentes cultivos como oliveira con socalcos.	-Zonas costeiras: regadío. Monocultivos orientados á exportación: tomates, plátanos, plantas tropicais… -Zonas máis elevadas: secaño. Policultivo autoconsumo.
GANDERÍA	- Predomina a cabana ovina e bovina extensiva.	-Pouca importancia. Destacamos gandería caprina e ovina.
SILVICULTURA	- Forte desenvolvemento: castiñeiro, faia, piñeiros…	-Piñeiros, faial e laurisilva.

VI A PESCA

A pesca, subsector do primario, é unha actividade económica que ten como misión a captura de peixes e outros animais para o seu posterior consumo como alimento ou como materia prima nalgunha industria (industria dos pensos por exemplo).

A pesca dá traballo a 60.900 persoas que faenan nuns 14.000 buques cos que se capturan unhas 758.000 tn de pescados, crustáceos e moluscos que reportan uns ingresos de 1600 millóns de €.

Tradición e unha ampla costa posibilitaron que a actividade pesqueira tivera sempre unha gran importancia no estado español pero na actualidade, debido a diferentes condicionantes adversos, España só pode ser catalogada como unha potencia de segundo orde a nivel mundial. Sirvan tres datos para clarificar esta afirmación:

- No ano 1987 a pesca aportaba 117700 empregos; hoxe 60900.
- A fins do anos 70 a frota española capturaba case 1,300.000 tn de peixes; hoxe 758000.
- Nos anos 70 existía uns 71.000 barcos de pesca (artesanal, altura e grande altura) e hoxe só 14.000.
- Nos 70 a pesca aportaba máis do 3% ao PIB, na actualidade só un 1%.

A pesar de todo, a actividade pesqueira segue a ter unha grande importancia económica nalgunhas comunidades como Galicia que é a primeira potencia española nesta materia: os portos galegos reciben o 58% da pesca descargada en España; o

sector dá emprego a uns 25000 pescadores (41% do total español) que traballan en 4911 embarcacións (30% dos de España) e que aportan un 2% do PIB galego.
O consumo de pescado no noso país é moi alto, de media, cada español consume uns corenta quilos de pescado ao ano. Para poder cubrir esta demanda faise necesario que se aproveiten os caladoiros nacionais, os internacionais e incluso tamén que se fagan importacións dun bo número de especies mariñas.
O 75% das capturas correspóndense con peixes: xurelos, sardiñas, xarda, pescada, galo…o 20% con moluscos: mexillóns, berberechos, ameixas… e o 5% con crustáceos: cigalas, gambas…

1.- OS ESPAZOS DA PESCA

Denominamos caladoiros aos lugares máis apropiados para pescar. Hai tres tipos de caladoiros: os caladoiros nacionais, os caladoiros internacionais comunitarios e os internacionais non comunitarios. Os primeiros esténdense ata as 200 millas náuticas (definen a Zona Económica Exclusiva Z.E.E: correspóndese coas augas que pertencen en exclusividade a un país), son aproveitados polos barcos máis pequenos e menos tecnificados que se adican á pesca de baixura. Están organizados en oito rexións: cantábrica, noroeste, suratlántica, surmediterránea, levantina, tramontana, canaria e balear.

Os segundos están fóra da nosa ZEE e pertencen a outras países membros da UE (destacamos o Box Irlandés). A estes caladoiros podemos acceder despois de adoptar a Política Pesqueira Común que foi implantada no 1983. Os terceiros son aqueles que son propiedade de calquera país non membro da UE (Banco Canario-Sahariano, caladoiros do Índico, caladoiros do Pacífico…) Os caladoiros internacionais están explotados polos barcos de altura e grande altura (barcos máis grandes e con maior desenvolvemento tecnolóxico).



www.ficus.pntic.mec.es

2.- PRINCIPAIS PROBLEMAS DO SECTOR PESQUEIRO

As principais dificultades coas que se enfronta esta actividade en España son as seguintes:

a) Envellecemento dos pescadores. Debido á dureza da profesión e aos baixos salarios, os xoves non se incorporan á profesión. Tal é así que en moitos portos, ante a escaseza de man de obra, moitos empresarios víronse na obriga de traer man de obra foránea.
b) pequeno tamaño das empresas pesqueiras (sobre todo no caso da pesca artesanal) fainas pouco produtivas e competitivas.
c) A antigüidade das embarcacións (media de 28 anos) que fai necesario o seu despezamento ou reconversión para adaptalas ás novas necesidades.
d) Esgotamento dos caladoiros nacionais pola sobreexplotación á que están sometidos.
e) A dificultade crecente coa que se atopa a frota española para atopar caladoiros tanto nos mares europeos como no dos outros continentes
f) A adopción de cotas que fixan o máximo de capturas legais e a limitación de licencias outorgadas ás embarcacións.

Todos estes problemas fan necesario a adopción dunha serie de medidas para proporcionarlle apoio ao sector. Se ben algunhas destas medidas dependen do goberno central ou dos correspondentes gobernos autonómicos, a maioría das que se van citar dependen da U. E., da Política Pesqueira Común:

a) Renovación da frota: facilitarase axudas económicas para despezar barcos vellos e adquirir novas embarcacións.
b) Fixar topes de capturas, establecer períodos de veda e prohibir certas artes de pesca para coa finalidade de frear o esgotamento dos caladoiros.
c) Creación de empresas mixtas: en países con posibilidades de pesca nas súas augas. Unha empresario cede a embarcación e parte da tripulación e outro cede a licencia e outra parte dos mariñeiros.
d) Negociación con terceiros países para conseguir novas licencias pesqueiras (as negociacións non dependerán do goberno español, serán competencia das autoridades da UE).
e) Fomento da acuicultura.

3.- A ACUICULTURA

Denomínase acuicultura á cría de especies animais, mariñas ou de auga doce, en catividade. Como medio válido para aumentar o abastecemento de peixe, esta actividade recibiu un forte impulso por parte das distintas administracións. Na actualidade obtéñense unhas 360.000 tn de peixes e moluscos, un 80% máis que nos anos 80.

As principais zonas acuícolas son Galicia, Andalucía e Canarias

As especies máis relevantes serán os mexillóns (250.000tn) a dourada, o rodaballo, a robaliza e ao troita.

www.proaraucania.cl/pag_noticia.php?not=1...

VII O CASO GALEGO

O sector primario ten unha enorme importancia na comunidade galega tanto polas achegas que fai ao PIB como pola cantidade de emprego que xera, un 7,5% da poboación activa (case o dobre que a media española).

No tocante as actividades agrarias podemos significar que na actualidade son predominantes as pequenas explotacións (media de 5 ha), intensivas, bastante tecnificadas e predominantemente en réxime de tenza directa.

O uso do solo distribúese da forma que nos amosa o seguinte gráfico:



Se ben persisten problemas agrícolas tradicionais como por exemplo o minifundismo, emprego de técnicas atrasadas, e unha comercialización pouco adecuada, a agricultura galega está a experimentar, dende épocas recentes, profundas transformacións baseadas na incorporación de novos cultivos, no desenvolvemento da

mecanización, na extensión de regadíos, na orientación das producións cara o mercado e no aumento do tamaño medio das explotacións.
Os principais cultivos son os seguintes: plantas forraxeiras (millo, praderías) que son base para a gandería; os cereais; a vide (sobre todo nas provincias de Pontevedra e Ourense); a pataca e os cultivos hortícolas como a leituga, cebola, feixón ou o repolo.

A gandería aporta un 60% da Produción Final Agraria e é a principal actividade socioeconómica do mundo agrogandeiro. De todas as cabanas destaca a vacúa tanto aquela que ten unha orientación láctea como a que amosa unha orientación cárnica. No primeiro caso predominan as especies foráneas e no segundo estanse a potenciar razas autóctonas (como a rubia ou a cachena) que gozan de grande prestixio nos mercados (cabe sinalar aquí a existencia dunha denominación de orixe denominada Tenreira Galega). Outras cabanas importantes son a porcina e a avícola. A ovina e a caprina, pola súa parte, teñen unha importancia moito máis secundaria.

No tocante á explotació forestal, subliñar que Galicia posúe o 25% da masa forestal do estado español e que a produción da madeira está a medrar día a día. Os destinos desta son fundamentalmente a pasta de papel, a construción e a fabricación de mobles (sector este de grande tradición en Galicia). As especie senlleiras son aquelas de crecemento rápido como o piñeiro e o eucalipto e seguíndoas a certa distancia aparecen plantas como carballo ou o castiñeiro.

No campo da pesca podemos dicir que Galicia é unha potencia tanto polo número de persoas que ocupa, como polo número de barcos rexistrados, como polas toneladas descargadas.[1]. Non obstante, temos que ter ben presente que é este un sector que está a sufrir graves problemas (sobreexplotación dos caladoiros propios, a limitación de capturas ou a dificultade de recibir licenzas pequeiras de terceiros países...) e polo tanto en regresión.
Un subsector e auxe é a acuicultura. É Galicia a principal rexión acuícola de España e nas súas piscifactorías de auga doce ou salgada prodúcense ao ano miles de toneladas de especies como o rodaballo,os mexillóns, as robalizas ou as troitas.

[1] Para corroborar a importancia económica da pesca galega repara nos datos que se reflectiron no apartado VI do presente tema.

VIII TÉCNICAS DE TRABALLO: Comentario dunha paisaxe rural:

(Segue o modelo de comentario proposto por María Concepción Muñoz Delgado no manual de Xeografía de Editorial Anaya)

O comentario debe recoller dos seguintes apartados (aqueles aspectos que son apreciables na imaxe proposta):

1.- Localización: interior, costa, montaña.

2.- Análise do medio natural:

- Relevo: altitude, pendentes...
- Vexetación natural: localización, extensión que ocupa, formacións (bosque, matogueiras, prados...)
- Augas: localización e tipo (ríos, lagoas...)
- Clima: a partir da foto poderemos deducir as características climáticas.
- Solos: se se pode apreciar tipo e calidades.

3.- Análise dos elementos humanos:

- Parcelario:
  - Tamaño das parcelas, formas e límites.
- Usos do espazo rural:
  - Usos do solo:

    a) Distribución dos usos agrarios na imaxe.

    Agrícolas: cultivos (monocultivo, policultivo), sistema de cultivo (regadío, secaño) aproveitamento (intensivo, extensivo), técnicas (tradicionais ou modernas), rendementos (altos, baixos)

    Gandeiros: tipos de gando, réxime gandeiro (extensivo ou intensivo) rendementos.

    Forestais: tipos de árbores e aproveitamento.

    b) Usos non agrarios: industrias, segundas residencias, servizos.
- Poboamento rural: disperso, concentrado.
- Problemas, solucións e perspectivas de futuro (deberás aplicar aquí os coñecementos adquiridos ao longo do estudo do tema).